

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A FUNDACIÓN DE DAÑO CEREBRAL (FUDACE), PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DE PROGRAMAS DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL DESTINADOS ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE, NO EXERCICIO 2023

Santiago de Compostela, 7 decembro de 2023

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Xuventude, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Xuventude, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 60/2022, do 15 de maio, do seu nomeamento, Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude e polo establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución do 8 de abril de 1991, no Diario Oficial de Galicia número 82 do 30 de abril de 1991.

Doutra parte:

Don Luis Abelleira Mayor , [REDACTED], que actúa en nome e representación da **Fundación de daño cerebral (Fudace)** con NIF G2729350 , en virtude da súa condición de presidente, segundo o disposto no artigo 18 dos seus estatutos. O presidente foi nomeado conforme ao acordo da asemblea de data 24 de maio de 2019, elevada a escritura pública o 17 de xuño de 2019.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para que no nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do

disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social e Xuventude é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 124/2022, de 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude.

IV. Que a Fundación de dano cerebral (Fudace) constitúese como entidade da natureza fundacional, inscrita no rexistro de fundacións de interese galego co número de inscrición 2003/9 . Que foi clasificada como benéfico - social por Orde do 13 de marzo de 2003, da entón Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública e declarada de interese galego por Orde do 12 de febreiro do 2004, da entón Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais.

Actualmente, a fundación está baixo o protectorado da Consellería de Política Social e Xuventude en virtude da Orde do 2 de febreiro de 2016 pola que se modifica a adscrición de determinadas fundacións de interese galego e se ordena a súa adscrición ás consellerías competentes para o exercicio das funcións de protectorado

A Fundación ten por obxecto entre outros o desenvolvemento de actuacións asistenciais, laborais, ocupacionais, formativas ou de investigación dirixidas ás persoas con dano cerebral, e persoas con grandes discapacidades físicos ou psíquicos.

A fundación dispón dun centro en Castro Ribeiras de Lea, no que ademais das actividades da vida diaria, de rehabilitación básica e ocupacionais, estende as actividades ás 24 horas do día os 365 días do ano, na atención ás persoas usuarias.

V. Que a Fundación de dano cerebral (Fudace) figura inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-2075.

VI. Actualmente faise preciso establecer medidas orientadas á promoción da autonomía persoal das persoas con dano cerebral e grandes diversidades funcionais físicas e psíquicas, e as súas familias, mediante unha atención integral personalizada.

Conforme ao exposto, é do interese da Consellería de Política Social e Xuventude conceder unha subvención a través da subscripción dun convenio de colaboración coa Fundación de dano cerebral (Fudace), para o financiamento dos gastos derivados da execución de actividades dentro dos programas de promoción da autonomía persoal dirixidas ás persoas con parálise cerebral e grandes diversidades funcionais físicas e psíquicas, da dita entidade.

A actual situación sanitaria, alterou a convivencia entre os usuarios, e tamén a relación coas súas familias, polo que se fai preciso poñer en marcha un programa específico. A Fundación de dano cerebral (Fudace) vai desenvolver un programa de rehabilitación acorde coas necesidades dos usuarios do centro que a fundación ten en funcionamento en Castro Ribeiras de Lea, orientados especialmente a superar as consecuencias xeradas pola COVID-19 que permita dar rehabilitación integral e individualizada ás persoas usuarias. Este programa consta das seguintes fases:

- Realizar unha análise das necesidades dos residentes.
- Elaborar un procedemento de atención e intervención individual atendendo as súas necesidades.
- Avaliación continua do procedemento de atención e intervención

VII. Que ao abeiro do disposto nos artigos 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade Fundación de dano cerebral (Fudace), realiza actividades consideradas de interese social susceptibles de ser subvencionadas polo procedemento de concesión directa, coma actuacións para a mellora da calidade de vida das persoas con parálise cerebral e grandes diversidades físicas e psíquicas e as súas familias, e especificamente o programa dirixido á rehabilitación integral das persoas usuarias do centro de Castro Ribeiras de Lea. É un programa deseñado en función ás necesidades individualizadas de cada persoa usuaria, coa finalidade de recuperar as condicións físicas e psíquicas, e así mellorar á súa calidade de vida e benestar.

É u programa de afrontamento integral no que se combinan as intervencións de psicoterapia coa rehabilitación de funcións cognitivas. A Fundación de daño cerebral (Fudace) a única entidade que dispón da infraestrutura necesaria para a realización das actividades a subvencionar a través deste convenio. En consecuencia conclúese que concorren circunstancias que xustifican a elección directa desta entidade para a celebración dun convenio de colaboración

Que conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2. apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a especificidade vén determinada pola exclusividade do programa específico, que ten como finalidade a rehabilitación integral das persoas usuarias do centro, provocadas polas limitacións impostas pola COVID-19, especialidade que dificulta a súa convocatoria pública. A Fundación de daño cerebral (Fudace) é a única entidade que, sendo coñecedora das necesidades individualizadas das persoas usuarias do seu centro en Castro Ribeiras de Lea e atendendo ás posibilidades de mellora das mesmas, pode integrar na actividade diaria do dito centro as actuacións do programa a subvencionar a través deste convenio, o que dificulta a súa convocatoria pública. As razóns de interese público, social e humanitario neste caso, no que o interese prioritario é o mantemento das persoas usuarias no centro, xa que o centro constitúe unha auténtica referencia vital para as persoas con discapacidade residentes nel, chegando a ser no caso de ser persoas residentes un verdadeiro fogar, polo que debe asegurarse a estabilidade e continuidade dos servizos. Esta excepcionalidade ao réxime de concorrência competitiva establécese igualmente no artigo 31 da Lei 13/2008 do 3 de decembro.

Así mesmo, tendo en conta, por unha banda, a especificidade das características da actividade que se vai financiar por razón do colectivo ao que van dirixidas, por outra, a ausencia no ámbito territorial de aplicación de entidades alternativas que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles e a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude, conforme ao previsto no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a súa estrutura orgánica, en tanto que se trata de persoas con discapacidade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para levar a cabo un programa específico de promoción da autonomía persoal destinado ás persoas con discapacidade.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto do presente convenio é a concesión dunha subvención para o financiamento dos gastos derivados da execución pola Fundación de Daño cerebral (Fudace), en adiante Fudace, dun programa específico de promoción da autonomía persoal .destinado a persoas con discapacidade.

Trátase de facilitar a rehabilitación integral das persoas usuarias do centro, xa que debido á situación sanitaria orixinada pola COVID 19, produciuse unha alteración na convivencia entre os propios usuarios e tamén na relación coas súas familias. O programa específico de rehabilitación inclúe os proxectos de psicoterapia grupal, individual e familiar e de rehabilitación de funcións cognitivas.

SEGUNDA. Actuacións subvencionables do programa específico.

1. Proxecto de Psicoterapia grupal, individual e familiar. Comprende as seguintes actuacións:

- a) Adestramento en áreas sociais.
- b) Desenvolvemento das estratexias do afrontamento e resolución de problemas.
- c) Modificación das condutas.
- d) Asambleas dos residentes.

2. Proxecto de rehabilitación de funcións cognitivas. Co obxecto de favorecer o desenvolvemento de habilidades sociais e condutas adaptativas, así como para estimular, ou no seu caso, manter o desenvolvemento de estratexias de afrontamento e de resolución de problemas lévanse a cabo diferentes actuacións como as seguintes:

- a) Un obradoiro de orientación na realidade con actividades como a lectura de prensa, ou saídas á vila.
- b) Un obradoiro de animación que inclúe actividades como bingo, xogos de mesa, cine fórum ou elaboración de manualidades.
- c) Tarefas de lapis e papel como: tarefas de percepción, e discriminación visual, de identificación e recoñecemento de imaxes, de ordenación e series, de copia ou de construción de modelos.
- d) Un obradoiro de novas tecnoloxías que inclúe actividades de estimulación cognitiva realizadas en ordenador ou tableta.

TERCEIRA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións a subvencionar no marco deste convenio e que ten previsto desenvolver Fudace é de 59.417,52 € .

Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Xuventude achegará **trinta e un mil setecentos oitenta e un euros (31.781,00€)** que serán imputados á aplicación orzamentaria 13.04.312E.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

CUARTA. Obrigas da entidade beneficiaria

1. Fudace deberá cumprir todas as obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e deberá cumprir todos os requisitos necesarios para obter a condición de entidade beneficiaria previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Sen prexuízo de todo o anterior, tamén deberá cumprir as obrigas seguintes:

- a) Realizar as actividades dos proxectos do programa específico que fundamentan a concesión da subvención.
- b) Acreditar a realización da actividades que conforman os proxectos recollidos na cláusula segunda e acreditar a súa realización, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto e no disposto neste convenio.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle á Consellería de Política Social e Xuventude a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos no marco deste convenio, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do programa específico e nos lugares onde estas se realicen “subvencionado pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude” co seu respectivo logotipo.

i) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

2. Así mesmo, a entidade deberá cumprir a obriga de subministración de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

QUINTA. Obrigas e documentación

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro,

polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, no suposto de oposición expresa á comprobación pola Administración, tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

- a) Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas ou concedidas para o mesmo programa específico, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- b) Declaración responsable, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

SEXTA. Compatibilidade con outras axudas

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

SÉTIMA. Forma de pagamento

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria nas seguintes condicións:

- a) Efectuarase un pagamento do 49% da totalidade da subvención concedida, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio
- b) O 51% restante farase efectivo unha vez rematadas e xustificadas tódalas actividades do

convenio e achegando a documentación indicada na cláusula oitava.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte do interesado, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se é o caso.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria da subvención queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

OITAVA. Gastos subvencionables

O importe da subvención destinarase a cubrir gastos de persoal e gastos correntes así como outros gastos da mesma natureza derivados da execución das actividades dos proxectos do programa específico recollidas na cláusula segunda deste convenio, de acordo co recollido na memoria económica.

En consideración ao obxecto do convenio ten carácter subvencionable o gasto de persoal adscrito á execución do programa específico, así como o gasto corrente directamente relacionado coa actividade subvencionada.

Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

NOVENA. Xustificación

Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o 10 de decembro de 2023.

Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo beneficiario. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade

selada polo banco ou recibo da persoa provedora. Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibo da persoa provedora.

Coa xustificación final do convenio ou, en todo caso, ao remate deste, de acordo co artigo 51 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, deberá presentar:

a) Un informe-memoria detallado de cada unha das accións levadas a cabo e/ou as actividades realizadas correspondentes aos programas a subvencionar ao abeiro deste convenio.

b) Tendo en consideración que o gasto imputable é de persoal, conforme ao establecido no orzamento do programa, deberá de concretarse ao efectos da súa xustificación e referida á mensualidade ou mensualidades polas que se solicita a seguinte documentación:

1º. Relación nominal das persoas traballadoras que se inclúen como xustificación do programa subvencionado.

2º. Recibos de salarios

3º. Documento de Relación Nominal de Traballadores (RNT) e o documento de Relación de liquidación de cotizacións (RLC) das persoas traballadoras correspondentes aos meses imputados.

4º. Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190).

c) Certificación do órgano competente relativa a que as achegas da Consellería de Política Social e Xuventude foron destinadas aos fins para os que foron concedidas.

d) Unha declaración responsable de non ter recibido outras axudas para as actividades obxecto deste convenio ou, de percibilas, detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia.

e) Unha certificación expedida e asinada pola persoa que teña atribuída a competencia da entidade, dos gastos realizados que incluírá a relación das facturas e xustificantes dos gastos realizados, con identificación das persoas acreedoras cos seus NIF, o número e data da factura, o concepto, o importe e a data de pagamento xunto coa achega dos

xustificantes-facturas dos gastos realizados e a acreditación do pagamento efectivo deles, segundo o previsto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño. Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos de nóminas ou que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais de 2023 liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto, factura ou documento equivalente, en que se reflecta o importe da retención ou cotización devindicadas na data de xustificación, quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite na primeira quincena de febreiro de 2024.

DÉCIMA. Incumplimentos, reintegros e sancións

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Xuventude poderá apreciar un incumplimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumplimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumplimento superara o 65% da actividade a subvencionar a través do convenio, entenderase que dito incumplimento é total, e deberán reintegrarse todas

as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

DÉCIMO PRIMEIRA. Inexistencia de relación laboral

Fudace queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades do programa específico. A subscrición do presente convenio non leva consigo ningunha relación laboral nin contractual entre a Consellería de Política Social e Xuventude e as persoas que realicen as actividades obxecto do programa específico, de tal xeito que non se lle poderá esixir ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento del.

DECIMO SEGUNDA. Comisión de seguimento e control

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados as partes asinantes do mesmo. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Xuventude e dous representantes de Fudace, designados por cada unha das persoas asinantes do convenio, así como os seus suplentes.

A dita comisión será presidida por unha das persoas representantes da administración, designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, ocupando a secretaría unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Persoas con Discapacidade, designada pola persoa que asuma a Presidencia, que actuará con voz pero sen voto

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA. Vixencia

O presente convenio estenderá os seus efectos dende a súa formalización e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2023.

Non obstante, os gastos das accións englobadas no proxecto do programa específico que realizase Fudace dende o 1 de xaneiro de 2023 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social e Xuventude.

DÉCIMO CUARTA. Transparencia e bo goberno

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificación recollidas no presente instrumento de colaboración o Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMO QUINTA. Información básica sobre protección de datos persoais

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 do abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación de estes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Xuventude coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no propio convenio.

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. Así mesmo, poderán ser comunicados as entidades do sector público institucional ca mesma fin.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

DÉCIMO SEXTA. Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución do presente convenio serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo dun mes se a resolución fose expresa. Se o acto non o fora, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa

específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar e data da sinatura dixital.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E
XUVENTUDE

O PRESIDENTE DE FUDACE

Fabiola García Martínez

Luis Abelleira Mayor